



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

Contrato

Contratación dos traballos para a actualización do catastro inmobiliario

OBXECTO DO CONTRATO.- O obxecto do contrato será a realización de actuacións de asesoramento, colaboración e realización de determinados traballos para que, por parte da Deputación provincial de Lugo se exerza actuacións en materia de xestión catastral na tramitación dos expedientes de alteración de orde físico e económico (Modelos 902-N, 903-N e 904-N) e na conservación e actualización da Base de datos catastral.

A realización dos traballos executarase de conformidade coa normativa catastral e urbanística vixente aplicable a cada concello e deberá permitir a incorporación dos inmobilés e as súas alteracións (altas de edificacións, baixas, segregacións, parcelacións, expropiacións, cesións etc...) ao Catastro inmobiliario, co obxecto de que a situación actual concorde coa realidade, todo elo igualmente, no marco do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, Real decreto legislativo 1/2004, de 5 de marzo.

FUNCIÓN S E DESCRICIÓN S DOS TRABALLOS.- Comprenderá os traballos necesarios tanto de campo como de oficina para conservación integral do Catastro inmobiliario en todos os Concellos da provincia de Lugo adheridos, ou que poidan adherirse en calquera momento da vixencia do contrato, á iniciativa da Excma. Deputación provincial, e que incluirán, entre outros:

- a) Tramitación dos expedientes que se formalicen nos modelos 902-N, 903-N e 904-N, relativos a bens inmobilés rústicos e urbáns, aprobados pola Orde do Ministerio de economía e facenda, de data 19 de outubro de 2006 (BOE núm. 273, de 15 de novembro)

Esto implicará as alteracións catastrais por calquera concepto que motiven unha modificación do Catastro inmobiliario, sexa obra nova, rehabilitación, reforma, segregación, agrupación, recursos, reparcelacións, expropiacións, etc... Así como a emisión de informes para proceder a emitir liquidacións ou para a resolución dos recursos co gallo desas alteracións, podéndose citar as seguintes actuacións:

- A recepción da documentación e asistencia ao contribuiente na redacción das declaracións de alteracións catastrais obxecto do convenio.
- Comprobación da documentación presentada relativa a datos físicos, xurídicos, ou económicos dos bens inmobilés declarados, con realización de traballos de campo no seu caso.
- Formalización dos requerimentos a que dera lugar para o cumplimento das funcións pactadas no presente Prego.

- b) Actualización das parcelas modificadas a consecuencia das alteracións producidas polos traballos comprendido no parágrafo a), na Cartografía catastral nos soportes/termos esixidos pola normativa aplicable.

En xeral, este intercambio de información realizarase utilizando medios telemáticos, a través dos mecanismos que estableza a Dirección Xeral do



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación

Catastro que, en todo caso, garantirán a autenticidade, integridade e confidencialidade da mesma.

A actualidade cartográfica realizarase do seguinte xeito:

- Cando non se dispoña de cartografía dixitalizada, reflectiranse as alteracións en soporte papel e remitiranse á Xerencia as alteracións gráficas producidas como consecuencia dos expedientes tramitados en virtude do disposto no presente Prego, nos soportes e formatos informáticos establecidos pola Dirección Xeral do Catastro (FXCC). Cando existan construcións, achegarase plano de distribución de cada unha das distintas plantas do inmobles, acoutado e ás escalas expresamente, así como a fotografía dixital de fachada.
 - Se non se dispuxera de cartografía digitalizada, a alteración gráfica realizarase sobre esta co fin de asegurar a identidade xeométrica e remitirse á Xerencia a información referente ás parcelas ou locais que sufrirán modificacións, conforme ao punto anterior.
- c) Colaborar coa inspección municipal en relación a usos en inmobles ou alteracións non declaradas.
 - d) Colaborar na resolución dos recursos de reposición/reclamacións que se interpoñan
 - e) As actuacións de información e asistencia ao contribuinte en relación coas anteriores materias.

En virtude do establecido no Real Decreto 417/2006, dita entidade deberá igualmente:

- 1.- Asistir aos contribuyentes na redacción das declaracións de alteracións catastrais.
- 2.- Remitir á Xerencia toda a documentación precisa para a tramitación correspondente.

RÉXIME XURÍDICO DAS ACTUACIÓN.- Todas as actuacións a realizar, axustaranse ao presente Prego, e para o non previsto, ao Prego tipo de prescripcións técnicas, que é de aplicación xeral á contratación dos traballos de revisión e modificación do catastro inmobiliario que fixa a Dirección Xeral do Catastro (<http://www.catastro.meh.es/esp/contratacion.asp>) , debendo seguirse en todo momento as directrices que esta entidade determine para o desenvolvemento dos traballos, en todo canto puidera ser de aplicación, as instruccións que o mesmo órgano puidera adoptar ao respecto, así como modificacións que durante a vixencia dos traballos puideran aprobarse.

PROTECCIÓN DE DATOS.- O adxudicatario, na realización dos traballos contratados, adecuará as súas actuacións á Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, ao RD 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento, en tanto o contido das actuacións fan referencia a información catastral que contén datos de carácter persoal (Nome, dni, domicilio fiscal), así como outras características económicas e xurídicas.

O contratista adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, así como o personal que ao seu servizo teña acceso ou realice calquier tratamiento cos datos catastrais de carácter persoal, terán a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información catastral de ditos datos, necesaria para a realización dos traballos, non constituirá “comunicación de datos” para os efectos do disposto na Lei orgánica de protección de datos cando se cumpra o previsto no artigo 12 do citado texto legal.



O adxudicatario encargado do tratamento estará sometido ás seguintes obrigas:

- Actuará conforme ás instruccions do/s responsable/s do/s ficheiro/s
- En ningún caso, o contratista comunicará, nin se quera para a súa conservación, os datos de carácter persoal tratados en virtude do presente contrato, a ningún terceiro.
- Adoptará as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste contrato, en función do nivel de seguridade que sexa aplicable aos mesmos e que eviten a súa alteración, perda, tratamiento ou acceso non autorizado, xa proveñan da acción humana, física ou natural, de conformidade co establecido no artigo 9 da LOPD, desenvolto polos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.
- Estará obrigado a gardar segredo profesional dos ditos datos aos que teña acceso en virtude do contrato aun despois de finalizada a relación xurídica que vincula ás partes.
- Unha vez finalizados os traballos devolverá todos os datos, arquitos ou ficheiros personais que obren no seu poder, ou para os que tiveran acceso pola presente actuación.

No caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións legais establecidas, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrera persoalmente, previstas na lei orgánica de protección de datos.

Os traballos que se realicen en calquera das fases serán propiedade da Administración e esta poderá recabar en calquer momento as entregas de parte do traballo realizado sempre que sexa compatible e non afecte ao correcto desenvolvemento do mesmo. Igualmente será de aplicación a normativa sobre propiedade intelectual e o artigo 95 da Lei 59/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria, de xeito que o contratista non poderá utilizar para si nin proporcionar a terceiros, dato algúin dos traballos contratados, nin publicar, total ou parcialmente, o contido dos mesmos sen autorización escrita da Administración. En todo caso, o contratista será o responsable dos danos e perxuzos que se deriven do incumprimento do mesmo.

DIRECCIÓN, CONTROL E COORDINACIÓN DOS TRABALLOS.- O contratista designará un director dos traballos que será o interlocutor válido coa Deputación provincial de Lugo, a través do Xefe de servizo de xestión tributaria e recadación, persoas que lles corresponderá supervisar a súa execución e adoitar as decisións ou instruccions necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A información sobre o desenvolvemento de tales actuacións poderá ser continua sempre que así se requira.

DURACIÓN DO CONTRATO E COMEZO DOS TRABALLOS.- O contrato terá unha duración de 18 meses

ENTREGA, RECEPCIÓN DOS TRABALLOS E PAGO.- O contratista adxudicatario, do mesmo xeito que presenta a documentación acreditativa dos seus traballos na Xerencia catastral, deberá remitir unha copia selada do mesmo ao Responsable do contrato.

Por razón das características do propio obxecto do contrato, salientase que a valoración/comprobación dos traballos se formulará por prezos unitarios e unha vez presentada a documentación correspondente na Xerencia do Catastro. Neste senso, será o responsable do contrato, cando a vista dos traballos efectuados/presentados realizará o informe de valoración, unha vez lle consten os acordos ou resolucións



remitidos en soporte informático directamente da Xerencia do Castastro ao Servizo de xestión recadatoria, ou pola consulta á oficina virtual.

O contratista terá dereito ao abono, con arranxo aos prezos convenidos, dos traballos que realmente execute con suxección ao contrato formalizado e nos termos da Lei de Contratos.

O pago do prezo poderá facerse de manera total ou parcial, mediante abonos a conta. O pago parcial, previo cumplimento de todo o que vai dito, efectuarase previa proposta de liquidación parcial efectuada polo responsable do contrato, se non observase disconformidade, momento a partir do cal, o contratista adxudicatario presentará a factura polo citado importe.

Se existise algunha disconformidade, o responsable ordeará por escrito ao contratista corrixir ou complementar as partes do traballo que estime necesario, facendo constar en dito escrito o prazo que fixe para elo. En caso de reclamación por parte do contratista respecto das directrices estipuladas, éste elevaraa xunto co seu informe ao órgano de contratación, quen resolverá para todos os efectos, establecendo no caso en que así fose, un prazo para subsanar todas as posibles situacions. Se polo transcurso do prazo, o contratista non cumplira o acordado, poderá resolverse o contrato.

Finalizados os traballos obxecto do presente contrato, o que incluirá todas as actuacions ditas nos parágrafos anteriores, extenderase acta de recepción formal e definitiva, xunto coa proposta de liquidación final, de ser o caso.

PRAZO DE GARANTÍA.- O prazo de garantía será de 1 ano dende a data da acta de recepción.

SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCIERA E TÉCNICA OU PROFESIONAL.- Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que refire o artigo 75 do texto refundido da Lei de contratos del Sector público, RD Legislativo 3/2011, 14 de noviembre.

A solvencia técnica acreditarase do seguinte xeito:

Unha relación dos principais servizos de características similares ao do obxecto do contrato e de orzamento análogo realizados nos últimos tres anos, que inclúan: importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos.

Como requisito, esixirse que se prestaran, como mínimo, dous contratos de servizos de características similares e orzamento análogo nos últimos tres anos. Para estes efectos entenderase por orzamento análogo, cando aquel tivera un orzamento que represente, ao menos, o 70% do orzamento do presente contrato.

PREZO DE LICITACIÓN.- O valor estimado do contrato é de 165.289,26 € ao que terá que engadirse a cantidade de 34.710,74 € en concepto de IVE, facendo un total de 200.000 euros

O prezo total será o resultado de aplicar os prezos unitarios ás actuacions que sexan realizadas. Os ditos prezos unitarios máximos, IVE incluido, que se establecen para cada unha das prestacións obxecto do contrato, son as seguintes:

- ◆ Tramitación de expedientes 902-N urbana:
50 €/unidade IVE incluido. Nestes prezos inclúese a investigación de descoñecidos e detención de omisións de calquera clase, incluíndo igualmente a declaración asinada con toda a documentación e o traballo de campo necesario para a tramitación.
- ◆ Unidades urbanas “especiais” pola súa complexidade, (ex: naves industriais, complexos hoteleiros, campings etc)
100 €/unidade IVE incluido



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación

- ↳ Tramitación de expedientes 902-N rústica
12 €/unidade IVE incluido
- ↳ Tramitación de expedientes 903-N. Por cada finca resultante de agrupación segregación ou división
55 €/unidade IVE incluido
- ↳ Tramitación de expedientes 904-N. Cambio de cultivo ou aproveitamente, cambio de uso ou derrivo
25 €/unidade IVE incluido.

CONCELLOS AOS QUE AFECTA.- E que segundo as consideracións anteriores poden verse incrementados en calquera momento do proceso, son os seguintes:

Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baralla, Becerreá, Begonte, Bóveda, Castro de Rei, Cervantes, Guntín, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Navia de Suarna, Pantón, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, A Pobra do Brollón, A Pontenova, Portomarín, Rábade, Riotorto, Samos, O Saviñao, Sober, Trabada, Triacastela, O Vicedo, Xermade, Xove.

Lugo, 13 de setembro de 2012
O Xefe de Servizo de Xestión
Tributaria e Recadación

Emilio Fernández Pita